

Servizos
CENTRAIS

XERENCIA
MUNICIPAL
DE URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 12709/407

Asunto: INFORME DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DE VIGO.

O presente informe redáctase ao abeiro do esixido pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), subscribindo, pola súa sinatura, a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (XMU) na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

Aos efectos de xustificar a necesidade e idoneidade da presente contratación de conformidade co disposto no artigo 28 da LCSP informase que cómpre proceder ao subministro de gasoleo tipo “C” para o correcto funcionamento das instalacións da sede da XMU en exercicio das competencias que a lexislación lle atribúe, polo que, co dito contrato, incardinable no contrato administrativo de subministro segundo o previsto no artigo 16 LCSP, satisfácese necesidade así como a racionalización do gasto, con maior control da súa xestión.

Tanto a LCSP como as Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2020, aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o 23 de decembro de 2019, con carácter definitivo, xunto co seu organismo autónomo XMU, a Instrución 1/2019, de 28 de febreiro de 2019, da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación e Instrución da intervención xeral municipal sobre tramitación e comprobacións a realizar nos expedientes de contratación dos contratos menores con motivo da entrada en vigor da LCSP, sinalan que os contratos menores non poden ser utilizados para atender necesidades periódicas e permanentes da Administración, que polo seu carácter recorrente poderían satisfacerse mediante outros procedementos de contratación, tal e como é o suposto do subministro de gasoleo para calefacción.

Así, é necesario iniciar expediente de contratación en orden á adxudicación do mencionado subministro, abrindo a contratación ao cumprimento dos principios sinalados na LCSP, entre os que se recollen o de publicidade e concorrência, salvo as excepcións previstas na lei, e, en todo caso, o principio de igualdade e non discriminación.

O artigo 28 LCSP sinala que as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fines institucionais. Dado que, segundo o artigo 16LCSP, estamos ante un contrato de subministros, para o que a XMU carece dos medios propios necesarios para a súa execución directa, cómpre proceder a súa licitación, respectando os principios de necesidade, idoneidade e eficiencia que dito precepto establece.

Vigo, na data dá sinatura electrónica

Mª Montserrat Campos Bestilleiro, Técnica de Admon Xeral dos Servizos Centrais da XMU

CONFORME, Juan González Ramírez, Xefe dos Servizos Centrais da XMU

CONFORME, Carlos Hernández Figueruelo, Xerente da XMU

